

## MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES 2021

1. Actividades de educación e divulgación ambiental celebradas no Centro de Interpretación Terras do Miño no ano 2021.
2. Visitas de centros educativos ao Centro de Interpretación Terras do Miño: CEIP Plurilingüe de Riotorto, Máster de Actividades na Natureza da USC.
3. Visitas de asociacións e colectivos ao Mazo de Santa Comba.
4. Colaboración co Programa “Coñece a túa provincia” con visitas ao Centro de Interpretación Terras do Miño e ao Mazo de Santa Comba.
5. Actividades de educación e divulgación ambiental celebradas na Casa das Ínsuas de Rábade durante o ano 2021.
6. Actividades de educación e divulgación ambiental da Reserva da Biosfera Terras do Miño celebradas en varios concellos do territorio: Pol, Muras, Meira, Mondoñedo, Parga, castroverde, Xermade, Outeiro de Rei, O Valadouro, Guitiriz, Riotorto.
7. Execución do proxecto LIFE IN COMMON LAND “Xestión en común da terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural en Zonas Especiais de Conservación” durante a anualidade 2021.
8. Execución do acordo de custodia do territorio nas fincas propiedade da Excma. Deputación provincial de Lugo, situadas nas Insuas do Miño e

- Ollos de Begonte, coa Asociación Galega de Custodia do Territorio, durante a anualidade 2021.
9. Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación de Pescadores Ponte de Areas co obxecto de colaborar na limpeza do Coto de Quinte no ano 2021.
  10. Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación Centro de Interpretación Avifauna durante o ano 2021.
  11. Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á Sociedade Micolóxica Lucus para a elaboración da 8ª edición da Revista Micolucus (2021), que inclúe traballos sobre o patrimonio inmaterial das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.
  12. Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo para axudar a sufragar os gastos do coidado dos animais acollidos nas súas instalacións durante o ano 2021.
  13. Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á asociación Animals Help para axudar a sufragar os gastos do coidado dos animais acollidos nas súas instalacións do refuxio de Xermade.
  14. Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na adquisición de terreos para a construción dun paseo fluvial no río Miño no concello de Meira (anualidade 2021).

15. Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Xermade para a execución dos fins comúns consistentes na construción dunha depuradora ecolóxica no barrio do Empalme, na parroquia de Cabreiros, na anualidade 2021.
16. Colaboración coa Asociación Provincial Lucense de Apicultura para axudar a sufragar os gastos de actividades da asociación durante o ano 2021.
17. Colaboración entre a USC e a Deputación de Lugo no proxecto de investigación para impulsar o aproveitamento sustentable e a valorización no territorio das Reservas da Biosfera existentes na provincia de Lugo da *Árnica Montana L.*
18. Participación nos procedementos de avaliación ambiental coa presentación de informes nos expedientes dos parques eólicos e as súas infraestruturas asociadas: Serra do Furco, Hépotas II, Pena Ombra, Vilachá, Entremarcos, Mistral, Nordés, Santuario, Boura, Ventisca, Monzón e Ruliña.
19. Remisión do calendario conmemorativo do 50 aniversario do Programa Persoa e Biosfera (MaB) en xaneiro de 2021, que editou a Rede Española de Reservas da Biosfera en colaboración con National Geographic, aos 26 Alcaldes dos municipios pertencentes á Reserva da Biosfera.
20. Exposición virtual das fotografías presentadas ao VI Concurso de Fotografía das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares

Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá “As nosas árbores”, na web da Deputación de Lugo.

21. Remisión en febreiro de 2021 da información solicitada por ARCEA XESTIÓN DE RECURSOS NATURAIS SL., empresa contratada pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil, dependente do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico, para a elaboración dun inventario base e unha estratexia de xestión sobre as especies exóticas invasoras no ámbito desta Demarcación Hidrográfica.
22. Actualización do catálogo de experiencias demostrativas da Rede Española de Reservas da Biosfera por parte da Reserva da Biosfera Terras do Miño: actividades de educación ambiental na Reserva da Biosfera; acordo de custodia do territorio nas Insuas do Miño e Ollos de Begonte; Campus de Emprendemento Sostible nas Reservas da Biosfera; celebración da Semana da Árbore e a Auga nas Reservas da Biosfera; proxecto LIFE in Common Land na Reserva da Biosfera.
23. Actualización da información da Reserva da Biosfera publicada no catálogo "Información Básica. Reservas de Biosfera de Iberoamérica y El Caribe, España y Portugal" da Rede IberoMaB.
24. Convocatoria da liña de subvencións en concorrencia competitiva para proxectos de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses durante a anualidade 2021.

25. Elaboración do informe bienal de indicadores da Reserva da Biosfera Terras do Miño para o seguimento das reservas da biosfera españolas, correspondente aos anos 2019 e 2020.
26. Interposición de recurso contencioso administrativo o día 10 de marzo de 2021 fronte á resolución da Oficina Española de Patentes y Marcas (OEPM) en relación ao rexistro da marca “RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO” na clase 33.
27. Participación na convocatoria extraordinaria do Consello de Xestores da RERB celebrada o 27 abril 2021, en relación á disposición de Fondos do Mecanismo Europeo de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR) 2021–2023 dende o Estado ás Comunidades Autónomas para as Reservas da Biosfera en España.
28. Participación nas reunións do Comité da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia e dos seus grupos de traballo, os días 8 de febreiro e 18 de marzo de 2021.
29. Participación no grupo de traballo sobre parques eólicos de xestores da Rede Española de Reservas da Biosfera, coa celebración de reunión telemática o 12 de maio de 2021.
30. Asistencia a FITUR, celebrada en Madrid do 19 ao 23 de maio de 2021, no stand de Turismo de Galicia.
31. Colaboración no artigo na revista Quercus de maio de 2021 sobre a Rede Española de Reservas da Biosfera, a través da testemuña dun representante da Reserva da Biosfera Terras do Miño: Martiño Cabana

- Otero, biólogo, membro da Asociación Galega de Custodia do Territorio AGCT (entidade integrante do Órgano de Participación da Reserva).
32. Organización dunha xornada de voluntariado de recollida de residuos co movemento social “Coidemos Lugo”, no Parque da Tolda, en Lugo, o sábado 12 de xuño de 2021, no marco do Proxecto LIBERA de SEO/Birdlife, en alianza con Ecoembes.
33. Celebración o día 2 de xullo de 2021 da Xornada sobre a Reserva da Biosfera Terras do Miño dentro do ciclo de conferencias “Somos Biosfera–Coñece a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia” en colaboración co CEIDA e a Xunta de Galicia.
34. Colaboración co Organismo Autónomo Parques Nacionales na publicación do libro conmemorativo do 50 Aniversario do Programa MaB, con artigos relativos aos campus de emprendemento sostible e o acordo de custodia de territorio.
35. Execución en verán de 2021 do proxecto de rehabilitación azud–presa de derivación e escala de peixes, no conxunto etnográfico e aproveitamento hidroeléctrico no Mazo de Santa Comba, no río Chamoso, no termo municipal de Lugo.
36. Autorización á Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT) para realizar unha serie de actividades relacionadas coa conservación e restauración de ecosistemas acuáticos na Lagoa de Caque no concello de Castro de Rei, na Reserva da Biosfera Terras do Miño.

37. Autorización á Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT) para a realización dunha visita coa Cooperativa Turismo Botánico aos Ollos de Begonte, propiedade da Deputación de Lugo, localizados no municipio de Begonte, na Reserva da Biosfera Terras do Miño.
38. Asistencia á 10ª edición da feira de turismo Turexpo Galicia, en Silleda, do 3 ao 5 setembro de 2021.
39. Participación na XX Reunión do Consello de Xestores da Rede Española de Reservas da Biosfera celebrada online en dúas xornadas (14 e 15 de setembro de 2021).
40. Autorización á empresa SINERGIAS SOSTENIBLES RESIFOREST SL para o uso do Centro de Interpretación Terras do Miño para o desenvolvemento dun curso sobre xestión integral de piñeiros no concello de Lugo en setembro e outubro de 2021.
41. Recepción de alumnado das materias de "Planificación e Xestión de espazos naturais" dos Máster de Enxeñería Ambiental e Enxeñería de Montes da USC o 19 de outubro de 2021 na Casa das Insuas e presentación do modelo de xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.
42. Asistencia a Feira Xantar 2021 - 22º Salón Internacional de Gastronomía e Turismo celebrado do 3 ao 7 de novembro de 2021 en Ourense.
43. Celebración da xornada "A Reserva da Biosfera Terras do Miño e a Custodia do Territorio como ferramenta de conservación de territorios de alto valor ambiental" en colaboración coa UNED e a Asociación

- Galega de Custodia do Territorio, os días 10, 11 e 15 de novembro de 2021.
44. Colaboración da Reserva da Biosfera Terras do Miño na publrreportaxe de “El Progreso” sobre a declaración da nova reserva da Biosfera “Ribeira Sacra e Serras do Oribio e O Courel”, publicado o 11 de novembro de 2021.
45. Colaboración no intercambio de coñecementos e experiencias entre mozos de Reservas da Biosfera de Honduras e España, coa recepción dos participantes na Reserva da Biosfera o 18 de novembro de 2021.
46. Difusión da 1ª edición da convocatoria dos “Recoñecementos das Reservas da Biosfera ao compromiso ambiental” no 2021, organizada pola Rede Española de Reservas da Biosfera en novembro de 2021.
47. Organización do Ciclo de Conferencias Luis Asorey en colaboración coa Real Academia Galega de Ciencias e a USC entre os días 15 e 24 de novembro de 2021 sobre “Dixitalización do sector agrario en Galicia”.
48. Publicación de publrreportaxe no diario “El Progreso” sobre os proxectos de desenvolvemento sostible nas Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses, o día 26 de novembro de 2021.
49. Inauguración da exposición sobre as Reservas da Biosfera de Galicia na Praza de Santa María, en Lugo, o 1 de decembro de 2021.
50. Publicación de publrreportaxe no diario “El Progreso” sobre a xestión dos hortos urbanos do Rato, na Reserva da Biosfera Terras do Miño, o día 3 de decembro de 2021.



51. Participación nas reunións do Consello Provincial de Turismo celebradas os días 2 de setembro e 2 de decembro de 2021.
52. Convocatoria e resolución da VII edición do Concurso de Fotografía "Sendeiros das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses".
53. Colaboración no traballo da alumna María Gómez Pozuelos de fin de máster de Conservación, Xestión e Restauración da Biodiversidade da Universidade de Granada, sobre a Reserva da Biosfera Terras do Miño.
54. Colaboración no traballo do alumno Mario Chapinal de fin de máster de Espazos Naturais Protexidos realizado pola Fundación Fernando González Bernáldez (FUNGOBE) na Universidade Autónoma de Madrid, sobre a Reserva da Biosfera Terras do Miño.
55. Colaboración cos Concellos de Castroverde e Alfoz na elaboración dos contidos dos paneis de contido ambiental nos proxectos subvencionados coa orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para axudas de estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede de reservas da biosfera de Galicia.
56. Resolución da 1ª e 2ª convocatoria para a concesión de autorizacións de uso das hortas urbanas ecolóxicas do Parque do río Rato para as persoas que xa eran usuarias das mesmas en anos anteriores (1ª fase) e para a poboación en xeral (2ª fase) así como aprobación da 3ª

convocatoria para a autorización de uso dos 41 hortos urbanos restantes e a elaboración, de ser o caso, da correspondente listaxe de agarda ou reserva.

57. Constitución do grupo de traballo das marcas “Reserva da Biosfera Terras do Miño” e “Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses” o 10 de decembro de 2021.

58. Asistencia á xornada de ecoturismo en Galicia celebrada o 14 de decembro de 2021 na EGAP en Santiago de Compostela, organizada pola Xunta de Galicia.